
PEQUENOS DE CASA PEQUENOS SALVAXES

Textos de XOSÉ BALLESTEROS, ANTONIO RUBIO,
HELENA GARCÍA e FERNANDO REY

Ilustracións de JONATHAN MILLER

Libros de tea en color. 15 x 15 cm. 8 páx. 18 €.

Pequenos de casa (textos en galego, castelán, català, éuscaro)
ISBN 978-84-8464-459-0. Prelectores.

Pequenos salvaxes (textos en galego, castelán, català, éuscaro)
ISBN 978-84-8464-458-3. Prelectores.

Sete animais asómanse en cada un destes libros de tea: domésticos en “Pequenos de casa”, dende o coello á ovella, pasando polo can e o gato; mentres que “Pequenos salvaxes” reúne o oso, o raposo ou o cervo, entre outros. Os protagonistas son criaturas recoñecibles, enmarcadas en trazos sinxelos e que destacan pola súa expresividade e polo sorriso, despertando a tenrura e a simpatía dos máis cativos.

A función destes materiais, especialmente dirixidos a pre-lectores, é inicialos na lectura de imaxes e estimularlos sensorialmente: a vista mediante a identificación dos animais e cadansúa característica física; o tacto a través dos distintos tecidos que invitan a acarriñar as páxinas; o oído, non só coas texturas que -dende o interior do libro- renxen con distintos sons e intensidades, senón tamén coas palabras e cos cantos do mediador ou mediadora. Libros para sentir, para favorecer a intercomunicación co bebé e, sobre todo, para desfrutar.

Trátase de propostas sinxelas elaboradas con teas de calidade, lavables en auga fría e coloreadas con tintas non tóxicas. Cada páxina incorpora un tirador téxtil que facilita pasar dunha escena a outra. Acompañando ambos libros, un texto suxire un xogo poético que invita as familias a continuar rimando e enredando.

Con esta estratexia, “Pequenos de casa” e “Pequenos salvaxes” actúan como un punto de partida aberto á creación de historias, fiando personaxes e accións imaxinativas.



■ **Temática:** animais domésticos e silvestres.

■ **Idade recomendada:** pre-lectores, primeiros lectores.

■ **Aspectos destacables:** estimulación sensorial: vista, tacto, oído...; desenvolvemento de habilidades psicomotrices; vocabulario, comunicación.

■ **Textos rimados:**

En galego: Xosé Ballesteros

En castelán: Antonio Rubio

En català: Helena García

En éuscaro: Fernando Rey

Jonathan Miller

(Quebec, Montreal)

Suma máis de 20 anos de experiencia como ilustrador de libros para público infantil, ademais de dedicarse a deseñar a estampación de prendas de vestir para nenas e nenos.



www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
